

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 15.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia do Secretario Xeral de Política Lingüística

- 1.1 9123 (10/CPC-000015)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar sobre a análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonía, ao amparo da Lei 1/2014
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017

Punto 2. Preguntas orais

- 2.1 4144 (10/POC-000714)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das subvencións dirixidas á realización de posgraduados en estudos de xénero e actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017
- 2.2 6449 (10/POC-001121)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre o número e a relación dos centros de educación primaria que teñen asumido os seus custos de mantemento pola Xunta de Galicia, así como sobre o programa previsto para a asunción da súa totalidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 9235 (10/PNC-000966)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a supresión polo Goberno galego da alínea b) do artigo 2, do anexo I. Requisitos, da Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas



universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 15.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia do Secretario Xeral de Política Lingüística

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 15.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 9123(10/CPC-000015)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. secretario xeral de Política Lingüística da
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
por petición propia, para informar sobre a análise das
accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de
Galicia co mundo da lusofonía, ao amparo da Lei 1/2014



Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 4ª, Educación e Cultura, e a petición propia, do secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para informar sobre **“a análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonía, ao amparo da Lei 1/2014”**.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 15.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 15.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 4144(10/POC-000714)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das subvencións dirixidas á realización de posgraduados en estudos de xénero e actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda** e o deputado **Marcos Cal Ogando**, pertencentes ao **Grupo Parlamentar En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a.

A Directora do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, mediante resolución, con data do 19 de decembro de 2016, resolveu, por fin, o procedemento da convocatoria de subvencións que reciben másters, doutorados e centros de investigación das Universidades do Estado español que están especializados en xénero, feminismo e mulleres, iniciado pola Resolución do 27 de xuño de 2016, pola imposibilidade material de continuo polo establecido na Orden Causas sobrevidas, á vista dos prazos na Orden HAP/1169/2016, do 14 de xullo que regula as operacións do peche do exercicio de 2016.

Isto supón deixar sen financiamento ós posgraduados e actividades nesta materia para o curso académico 2016/2017 e deixa en evidencia o escaso interese que se ten en fomentar os estudos de xénero.

A limitación do gasto público non pode vir da retirada de subvencións destas características, deixando sen becas a moitas estudantes que non poderán acceder a terminar os seus estudos por razóns económicas.

Ante a situación de extrema gravidade no relativo as violencias machistas, estes estudos son imprescindibles para avanzar na igualdade que tod@s desexamos. E



debemos facer todos os esforzos posíbeis, dende todos os ámbitos, para que se restablezan estas axudas.

Polo exposto anteriormente, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia da retirada das subvencións dirixidas a realización de Posgraduados de Estudos de Xénero e Actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes?

2.ª) Van a tomar algunha medida específica para instar a que se rectifique esta decisión por parte do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, dependente do Ministerio de **Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade do Goberno central?**

3.ª) Que medidas se están tomando dende a Xunta de Galicia para promover os estudos en materia de xénero, feminismo e muller ?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 26/01/2017 18:27:47

Paula Vázquez Verao na data 26/01/2017 18:28:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 18:29
Nº Rexistro: 4144
Data envío: 26/01/2017 18:29:27.383



Luca Chao Pérez na data 26/01/2017 18:28:12

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/01/2017 18:28:21

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 15.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 6449(10/POC-001121)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre o número e a relación dos centros de educación primaria que teñen asumido os seus custos de mantemento pola Xunta de Galicia, así como sobre o programa previsto para a asunción da súa totalidade

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luis Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.

O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.

Nas súas cláusulas, establécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

“I.-Financiamento:

Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:

- Regulación do Fondo galego de cooperación local.
- Fondo de compensación interterritorial
- Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 13:31
Nº Rexistro: 6449
Data envío: 10/03/2017 13:31:46.174



Grupo Parlamentario

- Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.”

~~Partido dos
Socialistas
de Galicia~~

Polo anteriormente exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) No caso dos custes de mantemento dos centros de educación primaria, cantos e cales están asumidos pola Xunta de Galicia?

2ª) Cal é o programa para acadar a asunción do 100 % dos custes de mantemento dos centros de educación primaria?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/03/2017 13:16:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/03/2017 13:17:00

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/03/2017 13:17:07

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/03/2017 13:17:17

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/03/2017 13:17:26

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 15.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 15.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 9235(10/PNC-000966)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a supresión polo Goberno galego da alínea b) do artigo 2, do anexo I. Requisitos, da Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 9235
Data envío: 16/05/2017 16:32:14.916

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as condicións para o acceso ás axudas de apoio á etapa de formación postdoutoral nas universidades do SUG

A Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de Axudas de apoio á etapa de formación postdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e outras entidades do Sistema de I +D+ i galego (DOG do 27 de abril de 2017) recolle:

Que a finalidade do programa de axudas é:

“incrementar a incorporación de persoal investigador ao Sistema de I+D+i galego fomentando, na súa etapa inicial, a mobilidade internacional para mellorar a súa formación e posibilitando a reincorporación nos axentes que conforman o sistema para, con posterioridade, continuar coa súa traxectoria investigadora na institución a que retorna.”

No seu ANEXO I. Modalidade A: Artigo 1. Sinala como obxecto da axuda: “ampliar a formación do persoal investigador no estranxeiro con posibilidade de retorno, mediante o financiamento dun contrato de dous anos de duración para a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 9235
Data envío: 16/05/2017 16:32:14.916

realización de estadias no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano de duración na Comunidade Autónoma de Galicia.”

non establecendo ningunha referencia á idade dos solicitantes ou ao período de tempo transcorrido entre a finalización de calquera nivel formativo e a obtención do título de doutor.

No seu Artigo 2. Requisitos, no seu apartado b) especifícase:

“Que a data de finalización dos estudos conducentes á obtención do título de licenciatura, grao ou equivalente que lle deu acceso ao doutoramento sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2006”

Esta cláusula restritiva como sinalan as persoas atinxidas sitúase na Orde deste ano por primeira vez, non estando presente en ningunha das convocatorias anteriores.

Alén do máis, nas convocatorias homólogas do Plan Estatal, isto é, as axudas *Juan de la Cierva- Formación* e *Juan de la Cierva-Incorporación*, nos seus artigos 42 e 72 da Resolución de 21 de novembro de 2016, da *Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación*, só indican, sendo este un requisito para a solicitude da axuda: **a data de obtención do grao de doutor**. Pola contra, ningunha referencia é feita sobre a data de obtención de títulos universitarios ou doutos rangos de ensino previos a este.

Por todo o exposto preséntase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a suprimir o apartado b) do artigo 2, do Anexo I. Requisitos, da Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 9235
Data envío: 16/05/2017 16:32:14.916

e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de Axudas de apoio á etapa de formación postdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e outras entidades do Sistema de I +D+ i galego (DOG do 27 de abril de 2017).”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2017 16:26:13

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2017 16:26:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2017 16:26:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 16:32
Nº Rexistro: 9235
Data envío: 16/05/2017 16:32:14.916

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2017 16:26:24

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2017 16:26:28

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2017 16:26:32